




# RÍO LÉREZ EN PONTEVEDRA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12 km (circular)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 4 a 5 horas



Un ruta circular de Pontevedra ás pontes de Bora, aproveitando nunha gran parte do percorrido as Sendas do Lérez e completandoo polos carreiros de pescadores.

O Lérez nace na Serra do Candán e despois dun percorrido de 57 km desemboca na Ría de Pontevedra. O espazo protexido como LIC abrangre os últimos 20 km de percorrido do río desde Santa María de Sacos a Pontevedra. As augas do Lérez teñen unha gran riqueza biolóxica e as súas ribeiras conservan unha vexetación de gran interese e en bo estado de conservación.



Fervenza no rego Fillagosa.



O mosteiro de San Bieito espéllase nun salón do Lérez. Os salóns son puntos do curso baixo do río nos que a canle se ensanxa e, grazas á influencia da marea, as augas se remansan.



Outono no parque da Illa das Esculturas.



O río Lérez entrando na cidade de Pontevedra. Praia fluvial e pontes do tren.

## COMO CHEGAR:

Saíndo da ponte peonil pola que se accede á illa das Esculturas comezamos a remontar o río pola marxe esquerda para achegarnos á praia fluvial e, pasando por debaixo das pontes do tren, desembocamos no primeiro gran salón do río Lérez, onde se espella nas augas o mosteiro de San Bieito. Volvemos á estrada para recuperar a senda e avanzando por ela, un camiño acondicionado e sen apenas desniveis, apto para calquera idade e para calquera época do ano, introducímonos no espazo protexido, no bosque de galería no que as especies autóctonas son maioría, aínda que nos primeiros tramos hai algúns eucaliptos e acacias, que pouco a pouco van desaparecendo para que camiñemos rodeados de carballos, amieiras e salgueiros, algún castiñeiro e os freixos e bidueiros de recente plantación, para ir descubriendo: a ferverza do rego da Fillagosa que cae pola marxe dereita, a fonte do antigo balneario, ao pé do que hai unha pasarela que permite cruzar o río, os restos da central eléctrica e unha estación de bombeo, onde temos outra pasarela. E logo quilómetros de camiño en perfecto estado para gozar das paisaxes do río, do son da auga nos atrancos, os vellos muíños... ata chegar ao encoro de Bora (case seis quilómetros) onde remata a ruta acondicionada, e continuamos. Subimos á estrada e camiñamos cara á esquerda, cruzamos a ponte do Almofrei e un pouco máis adiante collemos outro cruce á esquerda sinalizado como Pontillón de Castro, para pasar o río Lérez. Un pouco antes de chegar á ponte atópase, á esquerda da estrada, a derradeira ponte do Almofrei, unha ponte antiga e con historia, porque nela foi onde os veciños da contorna derrotaron aos franceses no 1809. De volta na estrada, e ao pouco de cruzar o río, atopamos á esquerda o refuxio de pescadores por onde baixamos e comezamos a volta, seguindo o camiño dos pescadores, un carreiro ben marcado polo paso da xente, con algúns puntos nos que unha árbore caída, un pequeno lameiro, un regato que verte ao río principal, ou unhas rochas, poñen o seu punto de aventura; ata chegarmos ao rego Fontáns ou de Verducido, que ten un pequeno tramo acondicionado que non podemos deixar de visitar para gozar da auga saltando nos lombos das pedras nas escorregadoiras dos rápidos e á praia fluvial que ha ao pé da súa desembocadura. A partir de aquí o camiño faise máis ancho, aínda que nalgúns tramos volve a ser un simple carreiro. As dificultades máis grandes rematan ao pé da segunda pasarela, porque a partir deste punto volve a formar parte das Sendas do Lérez e está mellor acondicionado. Ao pé da ponte nova do tren hai un camiño que nos permite achegarnos ao mosteiro de San Bieito de Lérez. Despois de pasar polo parque da illa das esculturas rematamos no mesmo punto no que comezamos a andaina. No traxecto invertimos unhas catro horas, cinco se se fai de vagar, para encher media xornada gozando da natureza. Se nos queda tempo e gañas podemos seguir viaxe pola beira do río ata a Ponte da Barca para gozar da paisaxe urbana desde a outra banda do río, ao tempo que admiramos os diferentes estilos das pontes que o cruzan. E, para completar o día, unha visita á cidade de Pontevedra, recentemente galardoada co premio Habitat da ONU.



Rápidos no rego de Fontáns.



Senda do Lérez.



Fonte do antigo balneario do Lérez, fundado por Casimiro Gómez en 1904. Foi a cerna de Augas Lérez que se comercializaron en Arxentina e Gran Bretaña que segundo di a propaganda da época eran as máis radiactivas das analizadas ata o momento.



Ponte do Almofrei.



Remonte para peixes na presa de Bora.